

## DEZ ANOS DE REAL FILHARMÓNÍA DE GALICIA

O vindeiro venres o Auditorio de Galicia abrirá as súas portas para acoller unha festa moi especial. A Real Filharmonía de Galicia (RFG) celebra a súa primeira década de vida. Os asistentes ao acto poderán deleitarse coa interpretación do Saturnal de M. Balboa e a Obertura Egmont de Beethoven, baixo as batutas do seu director titular Ros Marbà e de Maximino Zumalave, director convidado.

O 29 de febreiro de 1996 o mestre Helmuth Rilling levantou por primeira vez a súa batuta ante unha xoven formación que nacía co financiamento do Consorcio de Santiago de Compostela e a xestión do Auditorio de Galicia. Desde entón, a RFG evolucionou ata situarse entre as mellores formacións musicais do país.

Os primeiros compases da Filharmonía sonaron no eido español con actuacións en 1996 no Auditorio Nacional, en Madrid; e nas cidades de Valencia, León e A Coruña un ano máis tarde. En 1998 tivo lugar a primeira xira internacional da RFG por terras alemanas e austríacas. Como colofón á xira, a RFG tivo a honra de actuar no Grosses Festspielhaus de Salzburgo durante a famosa semana Mozart, o que a convertiu na primeira orquestra española en participar en semellante evento musical.

No verán de 1998, a RFG actuou na Expo de Lisboa, e ese mesmo ano, inaugurou o Compostela Millenium Festival, un concerto ofrecido na Catedral de Santiago ante máis de 2.000 persoas. Os éxitos da orquestra continuaron durante unha nova xira internacional que a levou a participar no Festival Europeo de Música de Stuttgart.

En 2001 ábrese unha nova etapa na traxectoria da RFG cando o director Antoni Ros Marbà toma a batuta da orquestra. Comeza entón unha serie de concertos por diferentes cidades españolas.

Ao podio da Real Filharmonía de Galicia subiron como convidados algúns dos directores máis destacados do panorama musical, como Robert King, Frans Brüggen ou Sir Neville Marriner. Ademais, actuaron xunto á RFG grandes figuras como o violinista Peter Zimmermann, o violonchelista Rostropovich, a mezzosoprano Teresa Berganza ou a pianista Alicia de Larrocha.

## A REAL FILHARMÓNÍA DE GALICIA INICIARÁ EN SETEMBRO A SÚA PRIMEIRA XIRA POR SUDAMÉRICA

A Real Filharmonía de Galicia (RFG) realizará en setembro a súa primeira xira sudamericana, que a levará ata Chile, Arxentina, Uruguay e Brasil. Con esta viaxe a orquestra quere avanzar na consolidación da súa imaxe a nivel internacional e completar así a súa xa dilatada participación en festivais e concertos por distintos países. Este intenso traballo de promoción internacional completárase cunha xira por Alemaña prevista para o mes de novembro.

O equipo directivo da RFG traballa cos obxectivos de consolidar o funcionamento da orquestra e promocionar o seu traballo a nivel local, autonómico, nacional e internacional. Esta consolidación baséase na principal característica da orquestra: a calidade dos seus proxectos artísticos, sempre co máximo rigor interpretativo. Para acadar esta elevada calidade musical a Filharmonía aposta pola presenza de mestres convidados de prestixio internacional, que achegan á orquestra novas experiencias musicais e supoñen un atractivo máis para o público.

No eido local, a RFG traballa para consolidar o Programa de Abono no Auditorio de Galicia, en Santiago de Compostela, como principal instrumento para o asentamento da orquestra na cidade. No eido rexional trabállase para consolidar a presenza da Filharmonía nas principais cidades e pobos de Galicia.

A RFG non descoída a súa presenza como orquestra destacada no panorama musical español, especialmente nas provincias de maior proximidade xeográfica. Así se amosa co convenio de colaboración asinado recentemente con León para ofrecer dous concertos anuais na cidade. O primeiro

deles tivo lugar o pasado mes de decembro e o vindeiro está previsto para marzo. Esta colaboración pon de manifesto o crecente interese das cidades veciñas polo traballo musical desenvolvido pola Real Filharmonía de Galicia.

## A ESCOLA DE ALTOS ESTUDOS MUSICAIS DE GALICIA

A Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia (EAEM), financiada polo Consorcio de Santiago e estreitamente vencellada á Real Filharmonía de Galicia, nace en 1998 coa pretensión de converterse nun proxecto centrado na formación de novos valores musicais no eido de Galicia. O seu principal obxectivo é investir o potencial artístico dos músicos da Filharmonía na formación e perfeccionamento dos futuros profesionais galegos, ao tempo que se organizan diferentes actividades de divulgación musical.

O director da Real Filharmonía de Galicia, Antoni Ros Marbà, é á súa vez o máximo responsable do equipo directivo da Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia, cuxa xestión lle corresponde á Consellería de Cultura e Deporte, a través do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM).

Son os propios membros da Filharmonía os que se encargan da ensinanza na EAEM. A formación musical enriquecese coa colaboración doutros recoñecidos profesionais da música que comparten a súa experiencia en calidade de profesores convidados. Os cursos e xuntanzas programadas para o curso serven de punto de encontro onde os novos talentos teñen a oportunidade de coñecer a realidade do mundo da música de mans dos seus protagonistas.

O traballo na escola organízase a través da sección permanente e a sección de especialización. A primeira ten como obxectivo completar e actualizar os coñecementos musicais de todos os profesionais da música dos conservatorios, agrupacións corais, bandas de música e outras formacións musicais galegas. Pola súa banda, a sección de especialización está dirixida a músicos que, rematados os seus estudos de conservatorio ou cumprindo uns requisitos mínimos, teñen a vocación de converterse en profesionais.

Para graduarse pola Escola de Altos Estudos Musicais é preciso superar dous cursos, durante os que os estudantes asisten a clases individuais, de música de cámara e teóricas e prácticas orquestrais. Na formación tamén se inclúe a participación en concertos públicos como solistas e en encontros impartidos por mestres de recoñecido prestixio.

Antoni Ros Marbà e Maximino Zumalave, directores da Real Filharmonía de Galicia

O mestre Helmuth Rilling asumiu fai agora unha década a tarefa de poñer en marcha o proxecto da RFG,

cinco anos despois, foi o catalán Antoni Ros Marbà quen continuou coa responsabilidade artística de guiar á formación, contando en todo momento co apoio do director compostelano Maximino Zumalave.

O talento de Ros Marbà quedou patente ao longo da súa traxectoria musical, que comezou en 1966 cando acadou a praza de director da recién fundada Orquesta Sinfónica de RTVE. A súa carreira continúa na Orquesta Nacional de España, para logo dirixir outras formacións de Francia, Inglaterra, Alemaña, Suíza, Italia, Holanda e Escandinavia, así como orquestras de varias cidades españolas.

Ros Marbà colleitou numerosos recoñecementos profesionais, como o Premio Nacional de Música, a Cruz de San Jordi ou o Premio Internacional do disco Arthur Honegger.

Pola súa banda, o director e pianista compostelano Maximino Zumalave participou desde o principio na creación e desenvolvemento da RFG. A fundación do Coro Universitario de Santiago e do Collegium Compostellanum son obra súa. Na súa traxectoria musical destaca a actuación como director da Orquesta Nacional de España, a Orquesta de Cámara de Stuttgart ou The English Chamber Orchestra.

#### Músicos na Real Filharmonía de Galicia

Arredor de cincuenta músicos forman a Real Filharmonía de Galicia, dos cales case a metade proceden de Alemaña, Moldavia, Polonia, Hungría, Rumanía, Ucraína, Rusia, Bulgaria e Albania. O resto do cadro está formado por intérpretes españois e latinoamericanos. A media de idade destes virtuosos non supera os 33 anos.

A experiencia e calidade é a característica común dos intérpretes da RFG, que se transforma en legado perenne para a música de Galicia, xa que estes profesionais son tamén mestres na Escola de Altos Estudos Musicais, onde se forman as xóvenes promesas da música de Galicia.

#### Máis información:

Gabinete de Comunicación do Consorcio de Santiago de Compostela

Teléfono 981 536 553

Mail [prensa@consorcio-santiago.org](mailto:prensa@consorcio-santiago.org)